

Nocturno en tres tempos

Relato de María Victoria Moreno

Fonte: *La Voz de Galicia* na serie “contos de verán” o 25 de agosto de 2004



Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

Nocturno en tres tempos

M. VICTORIA
MORENO




Nada en Valencia de Alcántara (Cáceres) en 1941. Autora, entre outras obras, de *Anagnórise* (1988).

Ilustración:
Kiko da Silva

IMAXINEI tantas veces, tantas, os nosos aloumiños... Imaxinei o roce das nosas mans, a túa pel fundida coa miña nun soño infindo de tenrura morna... Imaxinei os meus beizos nas túas meixelas, nas túas pálpebras pechadas, no teu pelo... Imaxinei a túa boca, fervenza de palabras mainas onde os meus ollos quedaran presos... A túa boca en silencio, falándolle á miña pel, en segredo, de segredos inefables... Imaxinei tantas veces, tantas, o encontro dos nosos beizos, de vagar, seica durmidos no contacto lene do amor anhelado...

¿Sería por iso? ¿Sería por iso polo que fuxín, no noso encontro, daquel bico ouraxe, daquel bico doira, daquel bico lume? ¿Sería? Fuxín. Aniñei a cabeza no teu ombro, mollei a túa camisa coas bágoas, respirei o aire da túa pel... E foron caendo os minutos, doces e lentos, non sei



cantos, mais caían, e sentíame ben mentres caían, lentos e doces, aqueles minutos. E alumbaba todo o meu ser aquel bico que deixei agromando nos teus beizos, proxectado, aí, meu ben, proxectado para a eternidade, resolto en recordo.

E os meus ollos xa non son ollos cando cae a noite sobre a ría, cando a escuridade de fóra converte en espello a miña fiestra, cando as luces distantes definen a paisaxe moura. Daquela os meus ollos son nada máis faíscas reflectidas na fiestra espello. Vén cara a min a paisaxe, que foi e non é, busco ineficazmente o perfil da terra que se perde no mar. Soamente luces veñen ó meu encontro, ata os meus ollos, e

proxéctanme máis alá do cristal cun brillo frío e rutilante. A habitación queda esquecida ás miñas costas e a túa face, amor, perdida no aire negro. Un bico, un recordo...